

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

*RESOLUCIÓN do 7 de xuño de 2017 pola que se publica a oferta de emprego público (OPE) do persoal docente e investigador para o ano 2017.*

Conforme ao disposto no artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; no artigo 1 do Real decreto lei 6/2017, do 31 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público nos ámbitos de persoal docente non universitario e universitario, Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e corpos de policía dependentes das comunidades autónomas para 2017; nos artigos 12 e 34 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017; a disposición adicional segunda do Real decreto lei 10/2015, do 11 de setembro, que modifica o artigo 62 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como nos estatutos da Universidade da Coruña (UDC) e no acordo do Consello de Goberno do 27 de abril de 2017 polo que se aproba a oferta pública de emprego para o ano 2017 de prazas estables de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, logo da negociación cos órganos de representación do persoal docente e investigador,

**RESOLVO:**

Primeiro. Publicar a oferta de emprego público (OPE) do persoal docente e investigador da UDC para o ano 2017.

Segundo. Esta OPE inclúe as necesidades de recursos humanos de carácter permanente no ámbito docente e investigador con asignación orzamentaria que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, segundo se detalla no anexo.

Terceiro. Por Resolución do 24 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, foi autorizada esta oferta de emprego público por aplicación da taxa de reposición de efectivos correspondente ao ano 2017.

Cuarto. As convocatorias dos concursos de acceso derivados desta oferta publicaranse no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*, para garantir a publicidade esixida nos artigos 62 e 48.3 da Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e exe-



cutaranse dentro do prazo máximo previsto no artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

A Coruña, 7 de xuño de 2017

Julio Ernesto Abalde Alonso  
Reitor da Universidade da Coruña

**ANEXO**  
**Oferta de emprego público do persoal docente e investigador**  
**da Universidade da Coruña para o ano 2017**

1. Quenda de acceso libre.

1.1. Persoal docente e investigador dos corpos docentes universitarios

Número de prazas	Corpo
7	Profesor/a titular de universidade

1.2. Persoal docente e investigador contratado.

Número de prazas	Categoría
21	Profesor/a contratado/a doutor/a

2. Quenda de promoción interna.

En aplicación do disposto na disposición derradeira segunda do Real decreto lei 10/2015, do 11 de setembro, que modifica o artigo 62.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, inclúense na OPE para o ano 2017 as seguintes prazas polo procedemento de promoción interna:

Número de prazas	Corpo
7	Catedrático/a de universidade

A OPE das mencionadas prazas non afecta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a Universidade da Coruña nin os demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

